

CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DO "PLAN CONCELLOS 2017", CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS

O Concello de Sanxenxo solicitou con data de 25 de xaneiro de 2017 subvención á Deputación provincial para a contratación dun total de 43 traballadores.

A Deputación provincial resolveu a concesión do solicitado por o Concello de Sanxenxo.

Tal e como determinan as bases da Convocatoria:

<http://www.boppo.depo.es/web/boppo/detalle/-/boppo/2016/12/30/2016046037>

----"As traballadoras e traballadores que sexan contratados para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

Para a xestión das ofertas establécese como ámbito de busca de emprego o municipio do Concello solicitante.

O Concello beneficiario será quen realice a selección definitiva das persoas candidatas, en conformidade coa normativa aplicable, na forma prevista e segundo os criterios sinalados a continuación, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución na que se concede a subvención. Sen prexuízo das obrigas legais que poidan existir, para a selección daráselles preferencia por esta orde aos seguintes criterios:

a) As vítimas de violencia de xénero

b) As persoas candidatas maiores de 45 anos

c) As persoas candidatas que formen unha familia monoparental con fillos ao seu cargo

d) As persoas candidatas con niveis de renda máis baixa

e) As persoas candidatas con cargas familiares""-----

Os postos que se solicitarán a través de oferta de emprego no Servizo Público de emprego son:

Posto Solicitado	Nº traballadores	Duración do contrato
Peón en obras públicas en xeral	37	6 meses
Auxiliar administrativo	5	9 meses
Traballador/a social	1	8 meses